



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso práctico: eficiencia enerxética en infraestruturas municipais

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

**ÁREA:** Outros

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	CONVENIO	<b>HORAS:</b>	80
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2014
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL + TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	ESPECÍFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Dentro do campo de traballo dos técnicos está o cálculo da eficiencia enerxética e a formulación de propostas para a súa mellora, incluída unha análise económica sobre as mesas e unha programación dos traballos que se deben desenvolver para lograla.

No caso das entidades públicas como concellos, o consumo enerxético non procede só dos edificios, senón que unha parte moi importante vén da iluminación, os equipos de tratamento e depuración das augas, e doutro tipo de instalación de titularidade municipal. A necesidade de diminuír os gastos en organismos públicos fai que sexan precisos profesionais capaces de avaliar o consumo enerxético dos equipamentos e instalación e ofrecer solución para logralo dun xeito mais económico e eficaz. Por outro lado, os técnicos municipais deben ter os coñecementos precisos para preparar os pregos de condicións para a licitación de contratos de auditoría enerxética das instalación dos seus concellos.

Tendo en conta esta necesidade, o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia, a través deste curso, quere dar aos técnicos as ferramentas que lles permitan realizar estes traballos e ofrecer unha solución que supoña un aforro a entidades como os concellos. Tamén os técnicos municipais deben saber cómo mellorar a eficiencia das instalacións das que son responsables.

### DESTINATARIOS

- Enxeñeiros, enxeñeiros técnicos, arquitectos ou arquitectos técnicos que desexen coñecer as ferramentas para realizar auditorías enerxéticas das instalacións e equipamentos municipais, así como para analízalos e propoñer melloras na súa eficiencia.
- Técnicos da Administración que teñan dentro das súas responsabilidades o control e mantemento das instalacións e equipamentos públicos.
- Estudantes de enxeñaría e arquitectura.

### PROGRAMA

1. Auditoría enerxética das instalacións e infraestruturas municipais.
  - 1.1 Cuestións previas.
  - 1.2. Lexislación.
  - 1.3. Identificación das instalacións e infraestruturas municipais.
    - 1.3.1. Edificios administrativos.
    - 1.3.2. Edificios educativos e culturais.
    - 1.3.3. Edificios sanitarios.
    - 1.3.4. Instalacións deportivas.
    - 1.3.5. Instalacións viarias.
    - 1.3.6. Instalacións de augas.
    - 1.3.7. Outras instalacións.
  - 1.4. Auditoría enerxética.

- 1.4.1. Toma de datos.
- 1.4.2. Medios materiais para as auditorías enerxéticas.
- 1.4.3. Informe de auditoría enerxética.
- 2. Propostas técnicas para a mellora da eficiencia enerxética en instalacións e infraestruturas municipais.
- 2.1. Fundamentos técnicos.
- 2.1.1. Revisión de temas termodinámicos.
- 2.1.2. Revisión de temas eléctricos.
- 2.1.3. Iluminación.
- 2.2. Materiais e equipos.
- 2.2.1. Envoltentes de edificios.
- 2.2.2. Máquinas térmicas.
- 2.2.3. Equipos de iluminación.
- 2.3. Modelo de Prego de condicións para contratos de auditorías enerxéticas.
- 3. Análise económico para a implantación de medidas de mellora de eficiencia enerxética en infraestruturas e instalacións municipais.
- 3.1. Análise da inversión.
- 3.2. Aforros previstos.
- 3.3. Ratios de rendibilidade.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Aforo do local

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO1

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela **INICIO / FIN:** 21/10/2014 a 31/12/2014

**NUM. PRAZAS:** 80 **ESTADO:** NORMAL - (SELECCIÓN DISP.) **DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE